

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7287** *Corrección de erros do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

Advertidos erros no Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 163, do 5 de xullo de 2014, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 23, cuarto parágrafo, segunda liña, onde di: «...contratos formativos previstos polo artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores,...», debe dicir: «...contratos formativos previstos polo artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores,...».

Na páxina 41, final do artigo 20.7, onde di: «(...) anexo IX», debe dicir: «(...) anexo VIII».

Na páxina 44, primeira liña do artigo 28.2, onde di: «(...) nesta sección (...)», debe dicir: «(...) neste capítulo (...)».

Na páxina 46, ao final do último parágrafo do artigo 29.1, letra f), onde di: «(...) anexo VIII, punto 5.», debe dicir: «(...) anexo VIII, punto 6.».

Na páxina 46, terceira liña da letra g) do artigo 29.1, onde di: «(...) no número 1 do anexo VIII (...)», debe dicir: «(...) no número 4 do anexo VIII (...)».

Na páxina 56, ao final do artigo 47 suprímese a seguinte expresión «Disposición adicional sétima. Modificación dos anexos».

Na páxina 60, nas liñas oitava e novena do antepenúltimo parágrafo do número 6 do artigo 50, onde di: «polo número 3, alínea d), ordinais 2.º, 3.º e 7.º, e número 4.», debe dicir: «polo número 3, alínea d), ordinal 7.º, e número 4.».

Na páxina 71, parágrafo noveno, liña segunda, onde di: «(...) artigo 19, alínea e), (...)», debe dicir: «(...) artigo 19, alínea d), (...)».

Na páxina 76, título do artigo 57, onde di: «Artigo 22. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.», debe dicir: «Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.».

Na páxina 77, título do artigo 58, onde di: «Artigo 23. Lista de operadores grosistas de GLP con obrigación de fornecemento domiciliario de gases licuados do petróleo envasados.», debe dicir: «Lista de operadores grosistas de GLP con obrigación de fornecemento domiciliario de gases licuados do petróleo envasados.».

Na páxina 77, artigo 59, número, 3 divídese en dous números 3 e 4, coa seguinte redacción:

«3. As empresas titulares de activos suxeitas a retribución regulada ás cales se apliquen, nalgunha das súas áreas, normativas específicas que supoñan uns maiores custos na actividade que desempeñen poderán establecer convenios ou outros mecanismos coas administracións públicas para cubrir o sobrecusto ocasionado. En ningún caso o sobrecusto causado por estas normas formará parte da retribución recoñecida a estas empresas e non pode ser, por tanto, sufragado a través dos ingresos do sistema gasista.

4. Os custos do sistema serán financiados mediante os ingresos do sistema gasista. Estes custos, que se determinarán de acordo co disposto no presente real decreto lei e nas súas normas de desenvolvemento, serán os seguintes:

- a) Retribución das actividades de transporte, regasificación, almacenamento básico e distribución.
- b) Retribución da xestión técnica do sistema.

c) Taxa da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

d) Se for o caso, o custo diferencial do fornecemento de gas natural licuado ou gas manufacturado e/ou aire propanado distinto do gas natural en territorios insulares que non dispoñan de conexión coa rede de gasodutos ou de instalacións de regasificación, así como a retribución correspondente ao fornecemento a tarifa realizado por empresas distribuidoras, nestes territorios.

e) Medidas de xestión da demanda, no caso de que así sexan recoñecidas regulamentariamente, conforme o establecido no artigo 84.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

f) Anualidade correspondente aos desaxustes temporais a que se fai referencia no artigo 61 do presente real decreto lei, cos seus correspondentes xuros e axustes.

g) Calquera outro custo atribuído expresamente por unha norma con rango legal cuxo fin responda exclusivamente á normativa do sistema gasista.»

Na páxina 78, artigo 59, os números 4 e 5 quedan renumerados como 5 e 6, respectivamente.

Na páxina 79, artigo 62, número 1, onde di: «...1. A retribución de cada empresa distribuidora, desde o 1 de xaneiro de 2014 até a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, será...», debe dicir: «...1. A retribución de cada empresa distribuidora, desde o 1 de xaneiro de 2014 até a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, que se denominará primeiro período de 2014, será...».

Na páxina 79, artigo 62, número 1, onde di: «...e a retribución das actividades reguladas e denominarase primeiro período de 2014.», debe dicir: «...e a retribución das actividades reguladas.».

Na páxina 80, título do artigo 64, onde di: «*Artigo 29. Determinación da retribución das actividades de regasificación, transporte e almacenamento básico de gas natural.*», debe dicir: «*Determinación da retribución das actividades de regasificación, transporte e almacenamento básico de gas natural.*».

Na páxina 87, artigo 75, número 5, onde di: «...resulten obrigados de acordo co artigo 34 deste real decreto lei...», debe dicir: «...resulten obrigados de acordo co artigo 69 deste real decreto lei...».

Na páxina 87, título do artigo 77, onde di: «*Artigo 77. Artigo 42. Responsables.*», debe dicir: «*Artigo 77. Responsables.*».

Na páxina 91, artigo 82, número 4, onde di: «...das circunstancias concorrentes:», debe dicir: «...das circunstancias concorrentes.».

Na páxina 92, artigo 85, número 1, onde di: «...dos preceptos desta lei...», debe dicir: «...dos preceptos deste real decreto lei...».

Na páxina 92, artigo 85, número 2, onde di: «...polas infraccións tipificadas nesta lei...», debe dicir: «...polas infraccións tipificadas neste real decreto lei...».

Na páxina 94, vixésimo segunda liña, onde di: «Subsección 1.», debe dicir: «Subsección 1.<sup>a</sup>».

Na páxina 95, artigo 95.1.a), onde di: «Autorización de cesión e consulta de datos persoais, por parte das persoas e entidades establecidas no artigo a), b) e c) do artigo 88.», debe dicir: «Autorización de cesión e consulta de datos persoais, por parte das persoas e entidades establecidas nas alíneas a), b) e c) do artigo 88.»

Na páxina 98, artigo 101.4, segundo parágrafo, segunda liña, onde di: «...algunhas das medidas ou accións previstas no artigo 106, 107, 108 e 109.», debe dicir: «...algunhas das medidas ou accións previstas no artigo 106.».

Na páxina 99, artigo 103.2, onde di: «...logo de acordo coas partes responsables de desenvolvemento de actuacións...», debe dicir: «...logo de acordo coas partes responsables do desenvolvemento de actuacións...».

Na páxina 99, artigo 105.1, último parágrafo, onde di: «...nos números 3 e 4 do artigo 106...», debe dicir: «...nas alíneas c) e d) do artigo 106...».

Na páxina 100, artigo 105.7, onde di: «Os usuarios que estean a ser atendidos con algunha das medidas ou accións previstas nos artigos 68, 69, 70 e 71 seguirán a ser beneficiarios, e as empresas, incluídos os traballadores autónomos, a recibir os incentivos previstos no presente real decreto lei, aínda tendo superado a idade prevista no primeiro parágrafo do número 4 do artigo 63.», debe dicir: «Os usuarios que estean a ser atendidos con algunha das medidas ou accións previstas no artigo 106 seguirán a ser beneficiarios e as empresas, incluídos os traballadores autónomos, seguirán a recibir os incentivos previstos nos artigos 107, 108 e 109, aínda tendo superado a idade prevista no primeiro parágrafo do número 4 do artigo 101.».

Na páxina 101, artigo 107.1, primeiro parágrafo, segunda liña, onde di: «...unha persoa beneficiaria do Sistema nacional de garantía xuvenil, maior de 16 anos e menor de 25, e no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento maiores de 16 anos e menores de 30, desfrutarán dunha bonificación mensual...», debe dicir: «...unha persoa beneficiaria do sistema nacional de garantía xuvenil desfrutarán dunha bonificación mensual...».

Na páxina 102, rúbrica do artigo 108, onde di: «*Modificación da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendemento e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*» debe dicir: «*Modificación da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*».

Na páxina 102, artigo 108, primeiro parágrafo, onde di: «A Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendemento e de estímulo do crecemento e da creación de emprego,...», debe dicir: «A Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego,...».

Na páxina 105, artigo 112, terceiro parágrafo, onde di: «A comisión estará integrada por un máximo de tres representantes de cada unha das comunidades autónomas participantes na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais de entre os ámbitos de emprego, educación, servizos sociais e/ou xuventude. Igualmente, formarán parte da comisión aqueles membros que designe o Ministerio de Emprego e Seguridade Social no ámbito da dirección xeral que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo e no ámbito do Servizo Público de Emprego Estatal, así como en calquera outro que lle sexa competente.», debe dicir: «A comisión estará integrada por un máximo de tres representantes de cada unha das comunidades autónomas participantes na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais de entre os ámbitos de emprego, educación, servizos sociais e/ou xuventude, así como os organismos intermedios do Fondo Social Europeo das comunidades autónomas. Igualmente, formarán parte da comisión aqueles membros que designe o Ministerio de Emprego e Seguridade Social no ámbito da dirección xeral que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo e no ámbito do Servizo Público de Emprego Estatal, así como calquera outro membro que resulte competente por razón da materia.».

Na páxina 107, artigo 114.dous, na redacción dada á alínea f) do artigo 4 bis.4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, onde di: «...Recolle as accións e medidas que van dirixidas...», debe dicir: «...Recolle as accións, medidas e actuacións que van dirixidas...».

Na páxina 107, oitava liña contando polo final, onde di: «...Consello Xeral do Sistema nacional de emprego, regulado no artigo 7.1.b),...», debe dicir: «...Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, regulado no artigo 7.b),...».

Na páxina 128, disposición adicional décimo sétima, número 4, segunda liña, onde di: «(...) deste artigo será realizada por ENAIRE (...)», debe dicir: «(...) desta disposición será realizada por ENAIRE (...)».

Na páxina 131, disposición transitoria primeira, onde di: «...a que se fai referencia nos artigos 28.1 e 29.1, as cantidades...», debe dicir: «...a que se fai referencia nos artigos 63.1 e 64.1, as cantidades...».

Na páxina 131, disposición transitoria terceira, onde di: «O disposto no artigo 32.un deste real decreto lei...», debe dicir: «O disposto no artigo 67.un deste real decreto lei...».

Na páxina 132, quinta e sexta liñas do número 2 da disposición transitoria cuarta, onde di: «(...) na disposición transitoria terceira, número 1. (...)», debe dicir: «(...) na disposición transitoria sexta, número 1. (...)».

Na páxina 132, ao final do parágrafo segundo da disposición transitoria cuarta, número dous, onde di: «(...) no artigo 103.», debe dicir: «(...) no artigo 35.».

Na páxina 134, primeira liña do parágrafo quinto, onde di: «(...) índice P definido no anexo I supere (...)», debe dicir: «(...) índice P definido no anexo VIII supere (...)».

Na páxina 134, número 4, onde di: «(...) anexo I deste real decreto lei (...)», debe dicir: «(...) anexo VIII deste real decreto lei (...)».

Na páxina 134, primeira liña da disposición transitoria sétima, onde di: «(...) na disposición transitoria terceira, (...)», debe dicir: «(...) na disposición transitoria sexta, (...)».

Na páxina 136, disposición derradeira primeira, número 3, onde di: «3. O artigo 5 deste real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.», debe dicir: «3. Os artigos 4, 5 e 7 deste real decreto lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.».

Na páxina 137, disposición derradeira primeira, onde di: «5. O título IV dítase ao abeiro...», debe dicir: «5. O título III dítase ao abeiro...».

Na páxina 137, disposición derradeira primeira, débese incluír un novo número, que debería ser o número 7, polo que pasan os actuais 7 e 8 a ser 8 e 9, respectivamente, e do seguinte teor:

«7. O previsto no título V dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral».

Na páxina 137, disposición derradeira primeira, introdúcese un número 10 coa seguinte redacción; «10. O capítulo III do título I dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.».

Na páxina 138, disposición derradeira cuarta, número 2, onde di: «para modificar os artigos 28 e 29 e os anexos X (Metodoloxía...», debe dicir: «para modificar os artigos 63 e 64 e os anexos X (Metodoloxía...».

Na páxina 138, segunda liña do número 3 da disposición derradeira quinta, onde di: «(...) no artigo 16.3 (...)», debe dicir: «(...) no artigo 32.3 (...)».

Na páxina 150, ao final do parágrafo décimo, onde di: «(...) previstas no artigo 24.», debe dicir: «previstas no título II, capítulo I.».

Na páxina 156, anexo X, número 6, primeiro parágrafo despois do cadro, onde di: «nas retribucións de anos anteriores como...», debe dicir: «nas retribucións de anos anteriores e RD<sub>n-1</sub> como...».

Na páxina 157, anexo XI, número 2, onde di: «1. A retribución anual por dispoñibilidade...», debe dicir: «a) A retribución anual por dispoñibilidade...».

Na páxina 157, anexo XI, número 2, onde di: «2. Os custos de investimento...», debe dicir: «b) Os custos de investimento...».

Na páxina 158, anexo XI, número 2, onde di: «3. A retribución por amortización do elemento de inmovilizado «i»...», debe dicir: «c) A retribución por amortización do elemento de inmovilizado «i»,...».

Na páxina 158, anexo XI, número 2, onde di: «4. A retribución financeira do investimento do elemento de inmovilizado «i»...», debe dicir: «d) A retribución financeira do investimento do elemento de inmovilizado «i»,...».

Na páxina 158, anexo XI, número 2, onde di: «5. Unha vez finalizada...», debe dicir: «e) Unha vez finalizada...».

Na páxina 159, anexo XI, número 2, onde di: «6. No caso dos gasodutos de...», debe dicir: «f) No caso dos gasodutos de...».

Na páxina 159, anexo XI, número 2, onde di: «7. Os custos de operación e mantemento...», debe dicir: «g) Os custos de operación e mantemento...».

Na páxina 159, anexo XI, número 3, primeiro parágrafo, onde di: «...por continuidade de fornecemento (RCS<sub>n</sub>)...», debe dicir: «...por continuidade de fornecemento (RCS<sub>n</sub><sup>i,A</sup>)...».

Na páxina 160, anexo XI, número 3, na explicación da fórmula do primeiro punto, onde di: «Onde m é o número total de elementos «j» no ano «n-1»...», debe dicir: «Onde m é o número total de elementos «i» no ano «n-1»...».

Na páxina 160, anexo XI, número 3, na fórmula do primeiro punto, onde di:

$$\ll \alpha_n^{i,A} = \frac{VRI_{n-1}^i}{\sum_{j=1}^{j=m} VRI_{n-1}^j} \gg$$

debe dicir:

$$\ll \alpha_n^{i,A} = \frac{VRI_{n-1}^i}{\sum_{i=1}^{i=m} VRI_{n-1}^i} \gg$$

Na páxina 160, anexo XI, número 4, último parágrafo, onde di: «...que se pode considerar son 30 TWh MWh...», debe dicir: «...que se pode considerar son 30 TWh...».